



RESOLUCION DA ALCALDIA

ASUNTO: CONTRATACIÓN DE DOUS OFICIAIS DE SEGUNDA DE ALBANEL, BAIXO A MODALIDADE DE CONTRATO LABORAL POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO, DENTRO DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA.

Vista a bolsa de emprego para contratacións laborais temporais de oficiais de segunda de albanel, que foi publicada no BOP nº 84 do 4 de maio de 2016, cunha vixencia de dous anos.

Tendo en conta que pola xefa do servizo de Promoción Económica se realizou o chamamento aos integrantes da bolsa, por orde de puntuación, segundo consta no informe emitido, a efectos da contratación de tres oficiais de segunda de albanel. Segundo indica, só dous dos candidatos acreditan o cumprimento dos requisitos das bases da convocatoria, publicada no BOP nº 75 do 21/04/2016.

Tendo en conta que constan os informes médicos dos dous integrantes da bolsa seleccionados, con RE 4284 e 4286.

Vistos os documentos contables RC emitidos pola Intervención municipal o 23/06/2016, nas aplicacións orzamentarias 1532 131900 e 1532 16000.

Considerando a atribución concedida ao alcalde polo artigo 21.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime Local.

Visto canto antecede, RESOLVO:

Primeiro.- Dispoñer a contratación das persoas que constan na táboa, para os posto de oficiais de segunda de albanel, incluídos no Programa de Integración Laboral mediante execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes, anualidade 2016, por un período de cinco meses, a partires do 6 de xullo de 2016, a xornada completa (40 horas semanais), de luns a domingo, baixo a modalidade de contrato laboral por obra ou servizo determinado, cunha retribución de 1.326,14 euros brutos mensuais (salario+pagas extras):

PAZOS TRILLO, ISOLINO	32406867M
RODRÍGUEZ TRILLO, RAMIRO	76316754V

Segundo.- Comunicar a presente resolución aos servizos económicos municipais e á asesoría "Luis Fernando SL" de Vimianzo, para a súa alta na Seguridade Social e demais efectos oportunos.

Terceiro.- Notificar a presente resolución aos interesados, ordenar a súa publicación no taboleiro de edictos e na páxina web deste Concello, para os efectos da súa publicidade, e dar conta ao pleno na primeira sesión que teña lugar.

Así o manda e asina o Sr. Alcalde en Vimianzo, do que eu, secretaria, dou fe.

O Alcalde

A Secretaria